

# Violencia planificada para desinfectar España

Federico Cocho

(Autor do libro: "Guerra civil. que pasou en Galicia e en España", Xerais, 2011)

Cad Aten Primaria  
Ano 2011  
Volume 18  
Páx. 76-80

## A PREPARACIÓN DO GOLPE

En abril deste ano, na presentación do seu libro *El holocausto español*, o historiador Paul Preston recorreu a unha metáfora clínica para expresar o alcance da fractura ideolóxica que desembocou na guerra civil e nunha brutal represión lonxe das trincheiras. "Os franquistas – resumía o hispanista– vían España como un corpo onde se incrustara unha especie de veneno en forma de comunismo, anarquismo ou liberalismo, un veneno que compría sacar exterminando fisicamente as persoas portadoras".

O doutor Xaime Quintanilla Martínez, coruñés afincado en Ferrol, gozaba dun gran prestixio profesional e político. Militante do PSOE desde os anos vinte, formaba parte dos líderes políticos socialistas que conciliaban con firmeza o socialismo cun galeguismo comprometido e militante. Laico e antibelicista, defendeu os intereses da clase traballadora coa mesma convicción coa que fixo campaña para que o Estatuto de Autonomía de 1936 saíse adiante. Ese prestixio persoal, profesional e político levou aos concelleiros ferroláns a elixilo primeiro alcalde da República, en 1931.

O perfil de Quintanilla Ulla casaba perfectamente co modelo de anti-español, marxista, separatista e fillo do mal que os promotores e executores do golpe de estado de 1936 se propuxeran varrer do país, nun plan de limpeza ideolóxica que pasaba polo exterminio físico, a gran escala, de líderes políticos republicanos e progresistas, dirixentes sindicais e activistas sociais. Os represores tiveron a presa fácil. Prendérono na súa casa e aos poucos días condenárono a morte nun daqueles infames consellos de guerra nos que se declaraban culpables de "rebelión militar" aos defensores da legalidade republicana e, xa que logo, reos de morte. Na mañanciña do 18 de agosto un piquete de fusilamento acabou coa súa vida nunhas instalacións militares de Ferrol.

Porque desta vez non habería de ser como en ocasións anteriores. Desta vez – verán de 1936– o golpe de estado habería de ir acompa-

ñado dunha violencia inusitada. Non se planificaba un simple pronunciamento, nin a sublevación de determinados rexementos claves para derrubar o Goberno lexítimo pola forza das armas e sen demasiados custes en vidas humanas.

Desta vez, o xeneral Mola encargárase de asumir a organización dun golpe de estado que pasaba pola aplicación dunha versión extrema da violencia militarista. E, para que quedase clara desde o primeiro momento a determinación e o alcance desa violencia exterminadora, os sublevados aplicaríana sen contemplacións contra os propios compañeiros de uniforme que se mantiveron fieis ao réxime democrático e, mesmo, contra os que mostraron unha actitude tibia ou dubitativa.

O marcado rumbo progresista que tomaron as actuacións do Goberno Provisional da República, desde a instauración desta en abril de 1931, axiña espertou inquedanza nos cuarteis militares españois, depositarios dunha acreditada tradición golpista. O substrato modernizador co que se aprobou a nova Constitución, aquel mesmo ano, abría unhas expectativas reformistas que, daquela, revestían connotacións revolucionarias: separación Igrexa-Estado, laicismo oficial, reforma agraria, escolarización masiva, reforma do Exército, autonomías rexionais...

Na altura de agosto de 1932, co centrista Alcalá Zamora como xefe do Estado e con Manuel Azaña presidindo un goberno de republicanos e socialistas, xa fracasara unha intentona, apenas preparada, mentres nas Cortes se discutía o Estatuto de Autonomía de Catalunya. O Goberno controlou sen moitos problemas aos responsables, un feixe de militares, sen apoio social e político, encabezados polo xeneral Jose Sanjurjo.

O nome de Franco soou por primeira vez cando as derradeiras eleccións da República déronlle o triunfo a unha coalición formada por partidos de centro e de esquerda republicanos, socialistas e comunistas, o *Frente Popular*. Daquela presidía o executivo Portela Valladares, que recibiu as visitas cando menos de Gil Robles (ministro da Guerra) e do xeneral Franco, xefe do Estado Maior do Exército, para tentar que anulase o resultado dos comicios. O veterano político galego non

cedeu, mais tampouco esperou ao traspaso normal de poderes para se quitar do medio cunha rápida dimisión-fuxida.

Estamos en febreiro de 1936. A República, acosada desde distintos ángulos, non fora quen de se estabilizar cun modelo de parlamentarismo democrático moderno. Cinco anos despois da explosión de xúbilo que trouxera a España a caída da Monarquía e nun contexto europeo de extrema polarización (Mussolini levaba unha década desenvolvendo o seu Fascismo e Hitler chegara ao poder en 1933) a vida política española non acougaba. O réxime soportara o cuartelazo de Sanjurjo, tres insurreccións anarquistas e, en outubro de 1934, a revolución de Asturias (de patente socialista) e a crise en Catalunya (ao se saltar a Constitución e proclamar o presidente da Generalitat “o Estado Catalán da República Federal Española”), a chegada ao poder da dereita autoritaria e os intentos de invalidar as eleccións. Por certo, que isto mesmo tentaran, en sentido contrario e con argucias legais, os republicanos de centro e de esquerda cando a dereita gañou as eleccións de 1933.

Semellaba que, de verdade, poucos crían na democracia. De feito as forzas máis votadas nas eleccións propugnaban plantexamentos de imposible encaixe nun sistema de parlamentarismo liberal. A CEDA, hexemónica na dereita e coas súas xuventudes xa moi achegadas ao fascismo de Falange, quería modificar a Constitución para establecer un modelo de Estado autoritario e eliminar os artigos nos que se apoiaba a política anticlerical e os tímidos intentos de reforma agraria desenvolto polos gobernos progresistas de Manuel Azaña. Pola súa banda, o Partido Socialista e os seus “irmáns” da UGT abandonaran, da man de Largo Caballero, a confianza no sistema parlamentario e emprenderan o camiño da loita revolucionario. A situación da clase obreira non melloraba, as reformas no agro estancábanse e a presión da poderosa CNT radicalizaba as posicións dos socialistas. Foi o roteiro que os levou, nada menos, a argallar a fracasada sublevación de outubro de 1934.

### CARREIRA CARA A CATÁSTROFE

No periodo de catro meses que vai do triunfo electoral da esquerda, en febreiro de 1936, ata o fracaso do golpe de estado militar e o consecuente comezo da guerra civil, en xullo dese mesmo ano, o país emprendeu o que Azaña, presidente da República desde maio, calificou como “unha carreira cega cara a catástrofe”. Durísimos debates no Congreso dos Deputados reflectían que a moderación parlamentaria deixara paso ao extremismo ideolóxico e verbal, fiel espello do que tamén estaba a acontecer no país. A violencia extremista apoderárase das rúas e o débil goberno, presidido polo aínda máis débil republicano galego Santiago Casares Quiroga, mostrábase incapaz de revertir a situación. O malestar social e a intransixencia (e impaciencia) reflectíanse en folgas, enfrontamentos e queimas de edificios, con elevadas doses de violencia política. Axitadores de extrema dereita e de extrema esquerda protagonizaban

continuos atentados e enfrontamentos en cidades de toda España. Os tambores de guerra pregoaban que estaba en marcha unha sólida conspiración militar para derrubar a República alentaban e retroalimentaban o pistoleirismo fascista, de tinte deliberadamente provocador. Canta máis violencia mellor para xustificar a intervención do exército. O neurólogo valenciano José María Albiñana contribuíu ao clima de desorde e violencia cos *legionarios de España*, milicias paramilitares do seu Partido Nacionalista Español. A derrota electoral desinflara a CEDA e o seu dirixente Gil Robles perdera un protagonismo político que pasou a ocupar un brillante político da extrema dereita pro-monárquica, José Calvo Sotelo, asasinado en vésperas do golpe polas propias forzas policiais republicanas.

Todos vían vir o enfrontamento civil e, por fin, chegou. O secretario de Mola relatou despois que o seu xeneral conspiraba desde novembro de 1935, antes da vitoria republicano-socialista. O seu traballo organizativo, por encargo do resto de xenerais conspiradores, cruzouse en abril con, cando menos, outro intento golpista de perfís difusos, mais xa con ramificacións en cidades cabeceira militares como A Coruña. Ese mesmo mes, cando se preparaba a destitución de Alcalá-Zamora como presidente da República, os militares mandáronlle recado por se precisaba “colaboración” para destituír o goberno progresista de Azaña.

### O INSTRUMENTO DO TERROR

Como dixemos no comezo, desta vez a conxura tiña moito máis calado. Mola exercía de “director” da conspiración mandando instrucións escritas aos conxurados de toda España. Nunha das que expediu a piques de rematar maio dicía textualmente: *“Se tendrá en cuenta que la acción ha de ser en extremo violenta para reducir lo antes posible a un enemigo fuerte y bien organizado. Desde luego serán encarcelados todos los directivos de partidos políticos, sociedades o sindicatos desafectos al movimiento, aplicándose castigos ejemplares a dichos individuos para estrangular los movimientos de rebeldía o huelgas”*.

Os militares sublevados sabían ben da eficacia do emprego do terror. “Moitos deles –escribe o historiador Julián Casanova– forxáronse nas guerras coloniais, escenarios idóneos para o desprezo dos valores humanitarios e as virtudes cívicas, para se educar no culto á violencia”. Ou, dito doutro xeito, trasladaba á Península a barbarie coa que se aplicaran en Marrocos. Só faltaba que a Igrexa lles dese cobertura ideolóxica: houbo complicidade e aberta colaboración represora para o que definiron como “Cruzada”. Foi un apoio clave na ultracatólica España do momento.

O terror implantouse cidade a cidade, vila a vila, indistintamente de que os golpista atopasen resistencia ou non, proba irrefutable de que a violencia desatada respondía a un criterio de represión planificada. Daquela, non se libraron de paseos e consellos de guerra localidades que caeron en poucas horas en mans dos sublevados contra a República. En canto chegaron as primeiras noticias do comezo da sublevación en

Marrocos e Canarias, nas principais cidades de Galicia, como no resto de España, formáronse comités de defensa da República. Os integrantes destes órganos, representantes das principais forzas políticas de centro e de esquerda e dos sindicatos, serían as primeiras vítimas da represión.

Para desatar a represión e sen perder nunca a batuta das operacións, o exército rebelde contou desde o primeiro momento coa inestimable axuda de Falange, ata daquela forza tan minoritaria como violenta e, en moito menor medida no caso de Galicia, dos requetés, organización paramilitar dos carlistas. Falanxistas, gardas civís e lumpen recrutado para a ocasión formaron os piquetes encargados de buscar e axustizar políticos e sindicalistas ou persoas sinaladas por “desafectas”. Levábanos “a dar un paseo”. Houbo casos de actuacións autónomas, froito de iniciativas e xenreiras tamén locais. Foron as menos, por moito que o franquismo quixera imputar todas esas mortes a incontrolados.

Ao revés. Abonda con mencionar os miles de españois asasinados mediante sacas, isto é, *sacándoos* das cadeas ou dos campos de concentración en que estaban detidos para pasealos ou aplicarles a chamada “lei de fugas” (soltar o preso e matalo co pretexto de que tentara fuxir), para ratificar que a represión paralegal estaba en mans dos novos comandantes militares e xefes de orde pública, locais ou provinciais. O cadáver de Eugenio Arbones, médico e deputado socialista por Pontevedra, apareceu na curva de Puxeiros, xunto cos corpos doutros sete persoeiros de Vigo, a mediados de setembro. Afirmo Xulio Prada, autor dun exhaustivo estudo da represión na provincia de Ourense, que non se produciu nada parecido a unha represión incontrolada. “Todo o contrario: foi perfectamente ordenada, xerarquizada e ao servizo dunha estratexia perfectamente definida”. Na Coruña algunhas listas de persoas a eliminar confeccionábanas “xente de orde” nun café da praza de Pontevedra xa desaparecido.

Aparecían cadáveres ás beiras de determinadas estradas, nas tapias de cemiterios, en ríos e paraxes solitarios. Lugares como a curva de Puxeiros, preto de Vigo; a Costa do Sal, a carón da Coruña; ou o monte do Forriolo, entre Celanova e Xinzo de Limia, por citar tres exemplos, adquiriron xusta sonda de lugares malditos. Na Coruña, na zona de Adormideiras, un monumento deseñado por Isaac Díaz Pardo lembra os presos sacados da veciña cadea provincial e asasinados alí mesmo.

## A REPRESIÓN SISTEMÁTICA

Unha rigorosa investigación realizada polas tres universidades galegas (“As vítimas, as voces, os nomes e os lugares”), baixo dirección do profesor Lourenzo Prieto, documentou 3.260 mortes extraxudiciais (paseos e sacas) en Galicia entre 1936 e 1939 (o 70% do total de vítimas con resultado de morte acreditadas).

O 30% restante, ata completar un total de 4.673, caeu abatido diante de pelotóns de fusilamento “regramentarios”. Piquetes de soldados ou forzas de orde pública executores das sentenzas de consellos de guerra

sumarísimos, verdadeiras aberracións xurídicas onde as decisións sobre a vida do reo –sen defensa ningunha– estaban tomadas de antemán. Por estrambótico que pareza, os xurídicos militares, ou os que facían as veces de tais, condenaban por rebelión militar ou por axuda, adhesión ou auxilio á rebelión. ¿Quen eran, logo, os rebeldes? Os verdadeiros rebeldes condenaban a morte, por rebelión, aos militares e civís que se negaran a rebelarse. Tan peculiar xeito de actuar, baseado no Bando de Guerra emitido en Burgos pola xunta golpista o 28 de xullo de 1936, definiuno –moitos anos despois, por suposto– o propio Ramón Serrano Súñer, cuñado de Franco, creador político do franquismo e durante moitos anos “número dous” do Réxime: era “a xustiza ao revés”.

En Galicia, os consellos de guerra leváronse por diante a vida de 1.413 persoas entre 1936 e 1939. Esta limpeza “legal”, máis selectiva, aplícouse aos militares leais (entre eles os xenerais Salcedo Molinuevo e Caridad Pita, máximas autoridades da Coruña, e o contralmirante e ex ministro Antonio Azarola, xefe militar de Ferrol), aos gobernadores civís das catro provincias (militantes de Izquierda Republicana, o partido de Azaña e Casares Quiroga), a deputados en Cortes e alcaldes como os da Coruña, Santiago, Ourense, Vigo, A Guarda, Vilagarcía, O Carballiño, Becerreá ou o de Viveiro, o doutor Balbino Cerdeiras.

Cómpre precisar que a distinción entre represión paralegal e “legal” só ten sentido a efectos de estudo, porque a represión, en todas as súas facetas (asasinatos, cárcere, depuracións...) constitúe un fenómeno único. Do que falamos é de distintas modalidades na súa concreción práctica ao longo do período bélico e posbélico. A única diferenza en cada momento e lugar foi a intensidade dunha ou doutra fórmula para cumprir o designio da eliminación física dos adversarios políticos. Asasinaron, por progresistas e ateos, aos doutores Abraam e Jacobo Zbarski, pai e fillo, rusos afincados en Pontevedra. Ao primeiro, odontólogo, sacárono do cárcere da illa de San Simón para pasealo en Domaio. O segundo, médico, sufriu a humillación dun consello de guerra e fusilárono na Caeira (Pontevedra). Dúas modalidades dunha mesma decisión, cun mesmo carácter criminal, un mesmo obxectivo e un mesmo e salvaxe resultado.

Paseos, execucións sumarísimas e consellos de guerra estendéronse ao longo de toda a guerra por toda España, a medida que as tropas franquistas ían controlando novos territorios. A día de hoxe existe certo consenso entre os historiadores máis solventes de que a represión franquista na retagarda causou 100.000 vítimas mortais. A esta cifra hai que engadirlle outros 50.000 crimes franquistas de posguerra, na súa inmensa maioría a través de consellos de guerra masivos. Galicia librouse da represión que se realizou en zona republicana, de carácter espontáneo e incontrolado aproveitando o baleiro de poder, que sumou outras 50.000 vítimas mortais.

Os golpistas mataron líderes e persoas de relevo social. Non se librou ningunha clase. Tampouco os médicos que destacaban pola súa militancia política galeguista ou progresista, por defender o librepen-

mento ou por seren fatalmente sinalados como inspiradores ou instigadores de organizacións laicas ou progresistas. O franquismo valeuse moito das delacións (anónimas ou non) para emprender accións contra todos aqueles que os rexenadores da patria conceptuaban como “rojos” e “ateos”. Ademais do doutor Quintanilla, foron moi sonados outros asasinatos, como o do doutor Rafael de la Vega, fusilado en Lugo. En Pontevedra fusilaron en novembro de 1936 ao acomodado doutor Amancio Caamaño Cimadevila, galeguista, militante de Izquierda Republicana. Masón e activo colaborador do Socorro Vermello Internacional, fora presidente da Deputación Provincial. Da saga pontevedresa dos Poza executaron ao doutor Luis Poza Pastrana, que pasaba por exercer como secretario de Alexandre Bóveda. Son algúns exemplos dunha nómina moi ampla, da que se falará polo miúdo noutros traballos da serie que se abre co presente texto.

Mais, en termos cuantitativos, a extracción social dos asasinados foi maioritariamente obreira e artesá, como detalla Luis Lamela na súa investigación sobre a represión na Coruña e na súa área de influencia. Nun primeiro balance publicado en 2005, cunha cifra de 482 mortes documentadas ata daquela, había un 12% de militares, seguidos de case un 9% de xornaleiros, máis dun 6% de labregos, outro tanto de albanais e un 5% de peóns. Os nomes deles e os doutras cen vítimas acreditadas nos cinco anos posteriores figuran no memorial inaugurado en 2010 preto da antiga cadea da Coruña.

## PRISIÓNS E CAMPOS

As prisións (provinciais ou de partidos xudicial) enchéronse de detidos preventivos ou condenados polos tribunais militares. As cadeas non deron abasto e axiña as novas autoridades filofascistas habilitaron outros espazos como cárceres. O fermoso mosteiro de Celanova (Ourense) perdeu a súa condición para se converter durante varios anos nunha das “novas” prisións con meirande número de presos. O mesmo sucedeu co vello colexio dos xesuítas en Camposancos (A Guarda, A Coruña), o antigo lazareto da Illa de San Simón (onde os doutores Celestino Poza, pai e fillo presos, atendían os compañeiros e tamén os oficiais de prisións) e con outras moitas instalacións.

A situación agravouse cando, logo dos primeiros meses de conflito, comezaron a chegar a Galicia milleiros de prisioneiros de guerra. Habilitáronse campos de concentración, en teoría só para clasificalos antes de liberalalos, reenvialos a batallóns de traballadores ou mandalos a xuízo. Camposancos cumpriu funcións de campo de concentración. Ata alí se trasladou un consello de guerra itinerante procedente de Asturias para condenar en grupo a loitadores antifascistas apresados na fronte do Principado. A ducias deles fusiláronos *in situ* mesmo e tamén en Vigo e Tui. Improvisáronse campos de concentración, sempre en condicións infrahumanas de salubridade e hixiene, en varios puntos da costa galega, como Cedeira, A Coruña, Betanzos ou Rianxo. Da magnitude deste movemento de presos en toda España pode dar idea que arredor de medio millón de soldados republicanos pasaron

por algún dos 188 campos habilitados na España nacional durante a guerra e durante a posguerra. As penosas condicións de prisións e campos, xunto coas torturas sistemáticas e as epidemias propias da época xeraron unhas cifras descomunais de mortes por enfermidade, de enfermos crónicos e de mutilados que non adoitan aparecer nas estatísticas.

## A OUTRA REPRESIÓN

Á vista do que sucedía, centos de miles de cidadáns fuxiron de España para salvar a vida ou evitar a prisión. Este duro camiño do exilio implicaba, as máis das veces, marchar cunha man de diante e outra detrás, ben porque non había tempo para dispoñer sobre as propias pertenzas, ben porque os novos amos do poder xa se incautaran delas. Como é sabido, algúns países hispanoamericanos beneficiáronse da hemorraxia de capital humano que sufría España emprendendo políticas de inmigración non só favorables, senón mesmo protectoras e con clara intención de captar intelectuais, profesores, científicos, artistas ou arquitectos que constituían a flor e a nata da cultura e da ciencia renovadas e renovadoras baixo o influxo ideolóxico da Institución Libre de Enseñanza.

México xogou con intelixencia as súas opcións e captou a porcetaxe máis elevada de intelectuais, científicos e profesionais cualificados. Crearon un organismo encargado de recibir e colocar os refuxiados. Un 43% dos científicos que pasaron por este organismo eran médicos (un total de 141, segundo Magdalena Ordóñez), novos na súa maioría e con carreiras prometedoras.

Mentres, aquí, o franquismo triunfante aplicábase a extirpar a raíz do mal non só matando e encarcerando, senón quitándolle a calquera funcionario ou profesional con pasado *sospeitoso* (roxo, liberal, galeguista, masón, librepensador, ateo...) os seus medios de vida. Non houbo a paz, nin a piedade, nin o perdón que reclamara Azaña nun célebre discurso en plena guerra. Ao contrario, exerceuse a represión ampliada ao capital persoal, mediante multas e incautacións, e ao eido laboral. Docentes, médicos, xornalistas, funcionarios... Profesionais de calquera sector susceptibles de ser expulsados ou penalizados despozándoos non só dos seus postos de traballo público, senón tamén da posibilidade de procurar a vida co seu oficio no ámbito privado.

A Lei de Responsabilidades Políticas, promulgada na España franquista en véspera do triunfo final, exemplifica a vontade aniquiladora, destrutiva e vingativa dos golpistas, dispostos a estrangular os medios de supervivencia dos “rojos” e das súas familias, a maiores e con independencia de que cumprisen ou non penas de prisión. Mesmo aínda que xa os tivesen executado: *“Las sanciones económicas se harán efectivas aunque el responsable falleciere antes de iniciarse el procedimiento o durante su tramitación, con cargo a su caudal hereditario”*.

Esta nova e durísima lei de represión política (febreiro de 1939) incurría en toda clase de aberracións xurídicas, comezando polo seu carácter retroactivo desde outubro de 1934. Deixaba fóra da lei parti-

dos, sindicatos e agrupacións sociais, ás que se lle incautaban todos os seus bens. As sancións económicas previstas alcanzaban non xa todos os dirixentes, cargos públicos ou simples militantes dun partido ou agrupación do Frente Popular, senón calquera persoa que puidese ser acusada de *“haberse significado públicamente por la intensidad o por la eficacia de su actuación en favor del Frente Popular”*, de pertencer á masonería ou de se opoñer ao Movemento Nacional. Isto é, actividades lexítimas e legais desenvoltas baixo a lexitimade democrática do réxime republicano.

Para executar esta magna obra represora, creouse unha cadea específica de tribunais (nacional, rexionais, provinciais) formados por militares, falanxistas e profesionais da xudicatura franquista e con amplos poderes. Por expedientes dos tribunais militares, por denuncias de particulares (que podían ser anónimas) ou por propia iniciativa, os inquisidores instruían un expediente que comezaba coa petición de informes ao alcalde, ao xefe local de Falange, á Guardia Civil e ao cura párroco *“acerca de los antecedentes políticos y sociales (do expedientado), anteriores y posteriores al 18 de julio de 1936 y en especial sobre los hechos concretos que se le atribuyen, así como de los bienes de su pertenencia que conozca”*. Inhabilitacións profesionais, destellos, confinamentos, incautacións de bens, multas e, nos casos máis significados, perda da nacionalidade. Os tribunais de responsabilidades políticas descargaron un amplo abano de sancións sobre milleiros de cidadáns de a pé.

Viñeron logo, nos meses seguintes, as depuracións profesionais. As máis coñecidas son as que se aplicaron sobre os funcionarios públicos, indistintamente de que se tratase dun médico da beneficencia, un empregado do matadoiro municipal ou un repartidor de correos. A longa man da limpeza ideolóxica carecía de límites. Os 60.000 mestres de escola –un corpo no punto de mira da Igrexa e da reacción por “introducir” ideas nocivas– pasaron pola peneira da depuración. A uns 6.000 botáronos á rúa sen dereito ningún e outros 10.000 sufriron algún tipo de sanción, como traslados forzosos ou inhabilitacións temporais.

## OS COLEXIOS MÉDICOS

Os gañadores da guerra aproveitaron o control de colexios e organizacións profesionais para anhear a súa vinganza no eido privado e no exercicio de profesións “apolíticas”. O Boletín Oficial del Estado publicou o 7 de outubro de 1939 unha orde con normas para que os colexios de médicos depurasen *“la conducta político-social de sus miembros”*. A purga era susceptible de se aplicar case a calquera médico, pois as causas das sancións ou suspensións de dereitos eran moi xenéricas e de laxa interpretación por parte da xunta directiva dos colexios (por suposto, de composición integramente franquista). Por exemplo: *“la aceptación voluntaria de puestos profesionales lucrativos o representativos durante el dominio rojo”* ou *“el haber servido positivamente a la obra revolucionaria, marxista, judaica y anarquizante (...) y de un modo preferente aquellos que hubiesen realizado*

*actos aprovechando su condición de médicos y en perjuicio de sus compañeros o de sus enfermos”* ou publicar *“escritos desfavorables”* sobre o Movemento Nacional ou “en pro de las doctrinas defendidas por los partidos del Frente Popular”.

Publicitáronse normas semellantes para outras profesións. No BOE do 27 de novembro dese mesmo ano 1939 apareceu a orde que estendía aos colexios oficiais de odontólogos os mesmos criterios depurativos que para os médicos.

Houbo terror e medo implantados a conciencia durante anos. Terror físico e medo constante ás denuncias ou a novos expedientes nos que os acusadores non tiñan que demostrar as inculpacións senón que eran os acusados os que debían demostrar a súa inocencia. Franquismo: un fanatismo cruel e despiadado, durante e despois da guerra, do que aínda non sabemos todo e do que aínda quedan moitas feridas por cicatrizar.

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA RECOMENDADA

1. ALCALÁ-ZAMORA, N. (1977): Memorias, Barcelona, Planeta.
2. AZAÑA, M. (2002): Causas de la guerra de España, Barcelona, Crítica.
3. CASANOVA, J. (2007): República y guerra civil, Barcelona, Crítica/Pons.
4. JULIÁ, S. (coord.) (1999): Víctimas de la guerra civil, Madrid, Temas de hoy.
5. LAMELA, V.L. (2002): A Coruña, 1936, Sada- A Coruña, Edicións do Castro
6. MAÍZ, B.F. (1976): Mola, aquel hombre, Barcelona, Planeta
7. PRADA, J. (2004): Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión, Sada- A Coruña, Edicións do Castro.
8. PRESTON, P. (2011) : El holocausto español, Barcelona, Debate.
9. RODRIGO, J. (2005): Cautivos, Barcelona, Crítica.
10. Proxecto interuniversitario de investigación “Nomes e voces”. [nomesevoces.net](http://nomesevoces.net)